



## **CIRCULAR 68-2022**

### **XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO DE MILLA EN RUTA E DAS CATEGORÍAS SUB 18, SUB 20, SUB 23.**

### **XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 1 KM EN RUTA DAS CATEGORÍAS SUB 10, SUB 12, SUB 14 e SUB 16.**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organizará, co patrocinio do concello de Lourenzá e a colaboración do club Esolas Deportivas Lourenzá, o Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Milla en ruta e das categorías sub 18, sub 20, sub 23 e máster, e de 1km en ruta das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 o sábado 25 de xuño en Lourenzá.

**Art.2).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 21 de xuño de 2022.

No caso de ter que limitar a participación, admitiranse atletas con marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2021 nas probas de 1000 metros (para o 1 km) e de 1500 metros (para a milla), así como na propia distancia en ruta (1 km e milla en ruta). Na categoría sub 18 poderanse valorar marcas feitas no 1000 calculando a equivalencia no 1500 pola táboa da WA AL.

**Art.4).**- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as absolutos e dende categorías sub 10 ata sub 23 e de todas as categorías Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.6).**- Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas co prazo límite de 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.



**Art.7) .-** Horario (provisional):

HORA	DISTANCIA	PROBA	ANO
16:30 h	250 m	Categoría Sub 8 popular non competitiva	(2015 e posteriores)
16:45 h	1 km	Categoría sub 10 masculino e feminino	(2014-2013)
17:00 h	1 km	Categoría sub 12 masculino e feminino	(2012-2011)
17:15 h	1 km	Categoría sub 14 masculino e feminino	(2010-2009)
17:30 h	1 km	Categoría sub 16 masculino e feminino	(2008-2007)
<b>17:40 h</b>	<b>ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS MENORES 1 KM EN RUTA</b>		
18:00 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster feminino	
18:15 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino	(M35-M40)
18:25 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino	(M45 e superior)
18:40 h	1,609 km	Milla popular feminina	(2006 ata máster)
18:50 h	1,609 km	Milla popular masculina	(2006 ata máster)
19:10 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla feminino	
19:20 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla masculino	
<b>19:45 h</b>	<b>ENTREGA DE PREMIOS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E PROBA POPULAR</b>		

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.9).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.10).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 15 de xuño de 2022

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo